



AXUDAS COMEDOR ESCOLAR DE XESTIÓN INDIRECTA DURANTE A SUSPENSIÓN DO SERVIZO

1. [FONTE, DOG número 62 do 30 de marzo de 2020: ORDE do 27 de marzo de 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados por esta consellería durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia do COVID-19, co levantamento dos prazos de suspensión do procedemento \(código de procedemento ED601B\).](#)

2. Quen o pode solicitar?

As familias do alumnado que durante o curso teñen a condición de gratuíto ou pagador de 1€ nos centros educativos públicos xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

3. En que consiste a axuda?

As axudas económicas son nunha compensación do custo diario do menú por comensal polos días de lectivos de suspensión da prestación do servizo como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

4. Que axuda se vai a percibir?

2,50 € para o alumnado con gratuidade total.

1,50 € para o alumnado que paga 1€.

5. Que días cubre esta axuda?

Desde o día 16 de marzo ata o 3 de abril: 14 días lectivos, con posibilidade de prórroga ata o 1 de maio.

6. Como se vai a pagar?

En dous pagamentos: o correspondente ao primeiro período descrito e un segundo pagamento se se da a circunstancia da prórroga.

7. Como e cando presento a solicitude?

O prazo é desde o martes 31 de marzo ao luns 6 de abril, ambos inclusive. A presentación é telemática, de dúas formas:

1. Formulario normalizado dispoñible na [sede electrónica da Xunta de Galicia](#). Necesítase ter certificado dixital ou a chave 365.

2. Dirección do centro: caso de acreditar dificultades para formalizar por medios telemáticos, poderán solicitar a colaboración do equipo directivo, vía telefónica (881930373) ou enviando un correo electrónico (ceip.asolaina@edu.xunta.es) cos datos seguintes:

- DNI do pai ou nai.
- Pagamento: gratuidade total ou abono de 1€ Nome do alumno/a.
- Nome do pai/nai.
- Número de conta bancaria.

8. Canto tempo tarda en resolverse a resolución?

10 días desde que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

9. Canto tempo tarda a Xunta de Galicia en aboar o pagamento?

5 días desde que salga a resolución.

Narón, 30 de marzo de 2020

Asdo.: Xosé Nel Comba Paz

Director do CEIP A Solaina